



Xoán Bautista Mariño Abuín e Adelina Ces, en nome e representación do grupo municipal Bloque Nacionalista Galego de Rianxo presentan a seguinte **MOCIÓN para promover o apoio do pleno de Rianxo á creación dun dominio propio de Galiza en Internet**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dominio é o nome que identifica un sitio web. Cada dominio é único dentro de internet. Existen dous tipos de dominios de primeiro nivel: xenéricos e código de país. Os dominios xenéricos foron creados para o uso público da rede e os de código de país para ser usados en cada un deles de maneira individual. Os xenéricos corresponden ó tipo .com, .org, .net, .info .gov, .mil ou .int. Os dominios de código de país son, por exemplo, .uk, .de, .pt ou .fr. Os dominios de código de país non corresponden necesariamente con estados independentes ou recoñecidos pola ONU, senón que son aqueles que están inscritos na lista ISO3166.

Para o caso galego, o dominio xeográfico quedaría hoxe restrixido á combinación .gz. O .ga está reservado para as páxinas de Gabón e o .gl para as de Groenlandia. Esta opción, sendo posible, conta sen embargo con problemas de regulamento non resoltos a día de hoxe. A opción máis factible refírese a dos dominios de tres letras patrocinados. Refírense a grupos de usuarios da rede con estreitos vencellos que os permiten definirse como comunidade. É o caso do .cat para a comunidade lingüística e cultural catalá. A Asociación PuntoGal promove a creación do dominio .gal para a comunidade lingüística e cultural galega. O .gal é o dominio que debe corresponderlle á comunidade galega, como comunidade con fortes vencellos (lingüísticos, culturais, históricos, sociais). A proposta do .gal non invalida en ningún caso a proposta dun dominio xeográfico de dúas letras (.gz, por exemplo). Proceso, dende logo, moi dificultoso.

A creación do dominio catalán, o .cat, serve de exemplo próximo e recente para as aspiracións do .gal. Para acadar este dominio foi fundamental a suma de todas as vontades da sociedade civil, empresarial, así como das autoridades catalanas. Asociacións culturais, fundacións, empresas, entidades deportivas, persoas de toda condicións sumáronse cunha única voz a un proxecto avalado sen fisuras polas institucións. A unión e a forza da proposta fixo que o .cat fose o primeiro recoñecido mundialmente, feito que ademais abriu a porta para o .gal, entre outros. É preciso lembrar, finalmente, que o propio Estado español, que foi consultado pola ICANN antes de outogar o dominio, deu o seu visto e praxe.

É por isto que sometemos á aprobación desta corporación os seguintes

ACORDOS

1. Expresar a través da Asociación Punto Gal o apoio deste Pleno á creación dun dominio propio en Internet que represente a Galiza
2. Incluír nas páxinas institucionais do Concello un banner (logotipo identificativo desta campaña).